

CÁNTIGAS POPULARES

Se queres tratar comigo,
Lávate d'arriba abaijo,
Qu'as meniñas d'esta terra
Non son lórda de refaijo.

Cada vés que n'o tinteiro
Mollo a pluma, pra escribirche,
Penso se m'engañarías,
Meu corazon ó abrirche.

S'eu flojéo e ti flojéas,
Nunc'á amárnos chegaremos.
Apréta ti, s'eu aflojo,
E verás como corrémos.

As tellas d'o teu tellado
Botan a auga ó rivés.
Cumple con outros amores;
Comigo cumplido tés.

Chamácheme pera-fóle,
Pera-fóle n'hei de ser.
Anque caya de madura,
Non has ti de me comer.

Meniña qu'está calada
Cando de cantar adoita,
N'o corazón algo sinte,
Ou vé que ninguén a escoita.

O meu amor é pequeno.
Ser pequeno non é péro.
Méto-o n'a manga d'o sayo;
Falo con él cando quero

Os dentes d'a miña dóna
Mórdenme cando lle rifo.
Heilles de pasa-l-a lima,
Por s'esa maña lle quito.

Eu caseime c'unha vèlla,
Pórque tiña moito gando.
O gando foise morrendo.
A vèlla foime quedando.

Arreventas, pórque canto,
E moito mais, pórque rio.
Teño de cantar e rir,
Fágach'ou non mal partido.

Se canto, chámanme tola,
E, se bailo, adivirtida.

Válgame Nuestro Señor;
Non sei de que modo viva.

O caravèl, dende qu'abre
E de ver com'arrecénde.
Non hai cousa mais amante
Que un galan cando preténde.

Teño un amor n'o sobrado
E outro teño n'a cociña.
O d'arriba, Jan Soldado;
O d'abaijo, Jan Morriña.

O meu home foi ó muiño.
A muiñeira tiña a sarna.
Möerían de mestura,
Cand'o meu home se raña.

Ámote e mais non ch'o digo,
Por ser eu vello, rapaza,
Qu'anqu'amor é caprichoso,
Moitas veces non tén traza.

Chuvia qu'en pasar non tarda,
Algo, emporeso, éla molla;
Nena, que te pós á vista,
Ten tino d'a túa honra.

Custureiriña bonita
Dám'un alfiler de plata
Pra sacar d'o corazon
Unha espiña que me mata.

Fuch'afóra yeu quedei.
S'outra ves chegas á ir,
De min non responderei.

Se ti vira-l-o qu'eu vin,
Ja t'habías d'admirar:
Unha cadéla con pitos
É unha galiña ladrar.

Taresa pideume troitas.
Éla morría e morria,
Yasi deill'unha sambórca,
Pórque troitas n'as había.

Se quieres trocar, troquemos
Eses teus ollos azules
Po-l-os meus que son morenos.

MARCIAL VALLADARES.

